



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al mal estado del firme de la AP-9.**

La AP-9 es una de las autopistas más caras de todo el Estado español, por cuyo uso tienen que seguir pagando los gallegos y las gallegas, a pesar de estar sobradamente amortizada, gracias a una prórroga acordada por el Gobierno del PP de Aznar hasta 2048 y que ahora se considera ilegal. Aunque en la actualidad las personas usuarias recurrentes cuentan con bonificaciones gracias a los acuerdos del BNG con el Gobierno, sigue siendo necesario avanzar para lograr una AP9 pública, gallega y gratuita.

No obstante, es preciso que el actual titular de la infraestructura garantice el buen estado y la seguridad de la circulación en la AP9, exigiendo la reparación del firme en los tramos en los que el uso continuado y los intensos temporales del pasado invierno causaron un grave deterioro.

Transportistas y conductores han alertado sobre la presencia de baches, grietas y otras deficiencias en el firme de distintos tramos de la AP-9 que evidencian la falta de inversiones en su mantenimiento por parte de la concesionaria, que está obligada a realizar actuaciones de mejora para que esté en condiciones óptimas. Cabe recordar en este punto los beneficios millonarios de la concesionaria, pues cerró el año 2024 con resultados récord, superando los 210 millones de euros en ingresos por peajes y obteniendo un beneficio neto de 90,3 millones de euros, un 9% superior al año anterior.

El último informe de la AEA (conductores Automovilistas Europeos Asociados), menciona varios tramos de la AP-9 entre los más peligrosos de las autopistas del Estado en base a datos del propio Ministerio de Transportes correspondientes al período 2020-2024. Asimismo, recoge que Galicia concentra tres de cada diez tramos de autopista con mayor índice de peligrosidad de todo el Estado, una gran parte de los cuales están situados en la AP-9, con 24 puntos de esta infraestructura evaluados como de máximo riesgo y situados entre los 100 tramos de autopistas más peligrosos.

Así, a su paso por Pontevedra, se contempla una sucesión de kilómetros conflictivos,



contabilizándose 13 tramos de un kilómetro entre los 100 más peligrosos de las vías de alta capacidad analizadas en el Estado español entre 2020 y 2024. Destaca el punto kilométrico 159, que se corresponde con el nudo de Puxeiros, en Mos, ocupando el puesto 12 del ranking. En este tramo se registraron 15 accidentes con víctimas y 31 personas heridas o fallecidas en los años mencionados.

Otro de los puntos destacados es el 152, también con una elevada siniestralidad, pues precisamente algunos de los puntos más conflictivos están entre Rande y Vigo, que son los puntos kilométricos 151 y 152. Los seis tramos comprendidos entre los puntos kilométricos 151 y 159 registraron 80 accidentes con víctimas y 163 heridos, constituyendo una zona de riesgo constante. El punto kilométrico 156, cerca de Peinador, también destaca por su peligrosidad, junto con el 157 en Moaña, en la entrada al puente de Rande, y el 138 a su paso por Vilaboa.

En la zona de A Coruña, destaca el punto kilométrico 7 a la altura de O Burgo (Culleredo), que figura en el puesto número 20 del ranking de peligrosidad y que en los últimos meses ha registrado varios accidentes.

En definitiva, tanto los datos puestos de manifiesto en el informe de la AEA como las reiteradas denuncias de las personas usuarias, particulares y profesionales, por el mal estado del firme de la AP-9 en distintas áreas, deben llevar al Gobierno a exigir a la concesionaria de la autopista que realice las actuaciones e inversiones necesarias para el adecuado mantenimiento, así como a urgir a la empresa a que emprenda, lo antes posible, las actuaciones de mejora de los puntos kilométricos más peligrosos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración realiza el Gobierno del Informe de la AEA (Asociación de Automovilistas Europeos) sobre los tramos más peligrosos de las autopistas del Estado en el periodo 2020-2024, en el que figuran numerosos tramos de la AP-9?
2. ¿Es consciente de que Galicia concentra tres de cada diez tramos de autopista con mayor índice de peligrosidad del conjunto del Estado, gran parte de ellos en la AP-9, contando con 24 puntos de máximo riesgo entre los 100 tramos de autopistas más peligrosos?
3. ¿Qué opina de que Pontevedra registre 13 tramos entre los más peligrosos de las vías de alta capacidad? ¿Comparte que es intolerable que la autopista con los peajes más



- altos del conjunto del Estado tenga estas importantes deficiencias y falta de seguridad?
4. ¿Tiene información sobre la siniestralidad del punto kilométrico 7, situado a la altura de O Burgo, que figura en el puesto número 20 entre los de mayor peligrosidad en autopistas?
 5. ¿Conoce el Gobierno las quejas y denuncias de transportistas y usuarios y usuarias de la Autopista AP-9 por el mal estado del firme en distintas zonas, que presenta baches, grietas y socavones?
 6. ¿De ser así, exigió el Gobierno a la concesionaria Audasa que realice las actuaciones y las inversiones en mantenimiento necesarias para corregirlos, especialmente atendiendo a sus elevados ingresos?
 7. ¿Mantuvo contactos con la empresa concesionaria sobre las medidas a acometer y los plazos y fechas para acometer las actuaciones de mejora en los puntos kilométricos de mayor peligrosidad para garantizar la seguridad vial?
 8. ¿Qué actuaciones va a emprender ante la concesionaria en caso de que no cumpla con sus obligaciones de mantener la autopista en óptimas condiciones para la circulación y la seguridad de los gallegos y las gallegas?

En Madrid, a 25 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 MAR. 2026 15:34:47

Entrada **108371**

Sobre a o mal estado do firme da AP9

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao mal estado do firme da AP-9.**

A AP-9 é unhas das autoestradas máis caras de todo o Estado español, por cuxo uso teñen que seguir a pagar os galegos e galegas, pese a estar sobradamente amortizada, grazas a unha prórroga acordada polo Goberno do PP de Aznar até 2048 e que agora é considerada ilegal. Aínda que na actualidade, as persoas usuarias recorrentes contan con bonificacións grazas aos acordos do BNG co Goberno, segue sendo necesario avanzar para que lograr unha AP9 pública, galega e gratuíta.

No entanto, é preciso que o actual titular da infraestrutura, asegure o bo estado e a seguridade da circulación na AP9, exixindo a reparación do firme nos tramos en que o uso continuado e os intensos temporais do pasado inverno, causaron un grave deterioro.

Transportistas e condutores teñen alertado sobre a presenza de fochancas, gretas e outras deficiencias no firme de distintos tramos da AP-9 que evidencian a falta de investimentos no seu mantemento por parte da concesionaria, que está obrigada a realizar actuacións de mellora para que estea nunhas condicións óptimas. Cabe lembrar neste punto, os lucros millonarios da concesionaria, pois fechou o ano 2024 con resultados récord, superando os 210 millóns de euros en ingresos polas portaxes e obtendo un beneficio neto de 90,3 millóns de euros, un 9% superior ao ano anterior.



O último informe da AEA (condutores Automovilistas Europeos Asociados), menciona varios treitos da AP-9 entre os máis perigosos das autoestradas do Estado en base a datos do propio Ministerio de Transportes correspondentes ao período 2020-2024. Así mesmo, recolle que a Galiza concentra tres de cada dez tramos de autoestrada con maior índice de perigosidade do conxunto do Estado, unha grande parte dos cales están situados na AP-9, con 24 puntos desta infraestrutura avaliados como de máximo risco e situados nos 100 tramos de autoestradas máis perigosos.

Así, ao seu paso por Pontevedra, contéplase unha sucesión de quilómetros conflictivos, contabilizándose 13 tramos dun quilómetro entre os 100 máis perigosos das vías de alta capacidade analizadas no Estado español entre 2020 e 2024. Destacan os puntos quilométricos 159 que se corresponde co nó de Puxeiros, en Mos, ocupando o posto 12 do ranking. Neste tramo rexistráronse 15 accidentes con vítimas e 31 persoas feridas ou falecidas nos anos mencionados.

Outro dos puntos destacados é o 152 tamén cunha elevada sinistralidade, pois precisamente algúns dos puntos máis conflictivos están entre Rande e Vigo que son os pq 151 e 152. Os seis tramos comprendidos entre o punto quilométrico 151 e o 159 rexistraron 80 accidentes con vítimas e 163 feridos, constituíndo unha zona de risco constante. O punto quilométrico 156, preto de Peinador, tamén destaca pola súa perigosidade, xunto co 157 en Moaña, na entrada á ponte de Rande, e o 138 ao seu paso por Vilaboa.

Na zona da Coruña, salientase o punto quilométrico 7 á altura do Burgo (Culleredo) que figura no posto número 20 do ranking de perigosidade e que nos últimos meses rexistrou varios accidentes.

En definitiva, tanto os datos postos de manifesto no informe da AEA como as reiteradas denuncias das persoas usuarias, particulares e profesionais, polo mal estado do firme da AP-9 en distintas áreas, debe levar ao Goberno a exixir á concesionaria da autoestrada que realice as actuacións e investimentos necesarios para o adecuado mantemento, así como urxir á empresa a que



emprensa, o antes posíbel, as actuacións de mellora dos puntos quilométricos máis perigosos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración realiza o Goberno do Informe da AEA (Asociación de Automovilistas Europeos) sobre os tramos máis perigosos das autoestradas do Estado no período 2020-2024, no que figuran numerosos treitos da AP-9?
2. É consciente de que a Galiza concentra tres de cada dez tramos de autoestrada con maior índice de perigosidade do conxunto do Estado, grande parte deles na AP-9, contando con 24 puntos de máximo risco entre os 100 tramos de autoestradas máis perigosos?
3. Que opina de que Pontevedra rexistre 13 tramos entre os máis perigosos das vías de alta capacidade? Comparte que é intolerábel que a autoestrada con peaxes máis altos do conxunto do Estado teña estas importantes deficiencias e falta de seguranza?
4. Ten información sobre a sinistralidade do punto quilométrico 7 situado á altura do Burgo e que figura no posto número 20 dos de maior perigosidade en autoestradas?
5. Coñece o Goberno as queixas e denuncias de transportistas e usuarios e usuarias da Autoestrada AP-9 polo mal estado do firme en distintas zonas, presentando fochancas, gretas e buracos?
6. De ser así, exixiu o Goberno á concesionaria Audasa que realice as actuacións e os investimentos en mantemento necesarios para corrixilos, especialmente atendendo aos seus elevados ingresos?
7. Mantivo contactos coa empresa concesionaria sobre as medidas a acometer e os prazos e datas para acometer as actuacións de mellora nos



puntos quilométricos de maior perigosidade para garantir a seguranza viaria?

8. Que actuacións vai emprender ante a concesionaria en caso de non cumprir coas súas obrigas de manter a autoestrada en óptimas condicións para a circulación e a seguridade dos galegos e das galegas?

Madrid, a 25 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso